

Xogos para o día do magosto



Título: CASTAÑA, ONDE ESTÁS?

Descrición: Compañeiros que se porán de costas aos demais.

Os xogadores iranse pasando a castaña de man en man por detrás de xeito que non se vexa por onde vai a castaña e cando os que pandan digan "XA" quedarán todos quedos e eles terán que adiviñar onde está a castaña. O que o adiviñe intercambiará o posto co que levaba a castaña

Título: BAILE DA CASTAÑA

Descrición: Bailarase por parellas aguantando a castaña coas frontes o tempo que indique o encargado do xogo.

Material: castañas e música.

Título: PAPA CASTAÑAS

Descrición: (Puntería a unha caixa). Cada compoñente do grupo con tres castañas, ten que metelas no "Papa Castañas", situado a unha distancia de 5m.

Material: caixas decorada cunha castaña e unha abertura para meter as castañas, e 3 castañas.

Título: OS BIRLOS

Descrición: Con botes de bebibles se tiraranse castañas dende 2m. Os pequenos 1m.

Material: castañas, botes

Título: SEMENTA E APAÑA

Descrición: Sobre 5 liñas (serán os regos ou sucos) cada xogador plantará 5 castañas e ao rematar recolleraas o más rápido posible sen deixar ningunha.

Gaña o que remate antes

Material: castañas e bote onde levar a castaña



Título: TRANSPORTE DE CASTAÑAS

Descrición: Terán que transportar a castaña no lombo dun lado ao outro sen que lles caia mentras van a gatas.

Gaña o equipo que dea pasado máis castañas.

Título: CIRCUITO DE CASTAÑAS

Descrición: Levar unha castaña por un circuío pintado no chan, utilizando un dedo para mover a castaña.

Material: castaña.

Título: APAÑAR AS CASTAÑAS

Descrición: Nun recinto, espallar castañas polo chan. Dous o tres nenos/as cos ollos tapados teñen que collelas e levalas a un cesto o caixa. Os compañeiros, dende fora do recinto, vanlles indicando por onde se atopan as castañas. Teñen, como máximo, 2 minutos para recollelas.

Material: castañas e gafas de privación da visión.

Título: TRES EN RAIA DE CASTAÑAS

Descrición: Xogo de 3 en raia.

material: castañas e taboleiro.

Título: A CASTAÑA AO CASTIÑEIRO

Descrición: Silueta dun castiñeiro no que os xogadores irán colocando castañas cun velcro tendo os ollos tapados. Os maiores empezaran pola parte máis alta.

Material: Castañas con velcro e debuxo de castiñeiro

Título: PASEO DE CASTAÑAS

Descrición: Sentados en círculo, cada alumno/a terá unha culler na man. Pasaranse a castaña de culler en culler tentando que non caia no chan.

Material: castañas e culler

Título: XOGO DA OCA CASTAÑAS

Descrición: Sentados en círculo, cada alumno/a terá os ollos tapados e un compañeiro ira dando voltas e poñerá a castaña a un que terá que dar a volta para colocarse no seu sitio.

Material: castañas e culleres.



Título: CARREIRA DE RELEVOS

Descrición: Faranse 4 grupos que se colocarán en fila fronte unhas ás outras (2 a 2) cada participantes levará unha culler (na boca os maiores e na man os pequenos). O primeiro da fila 1 levará a castaña na culler ao compañeiro do seu equipo que está na fila de enfronte e colocarse de último nesa fila. O que recibiu a castaña ten que levala ao compañeiro que ten na fila de enfronte e poñerse no final da mesma. O equipo que remate antes gaña.

Material: castañas e culler